



AXUDAS A PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS POLA CONTRATACIÓN INDEFINIDA E A FORMACIÓN [TR349F]



Persoas beneficiarias

Persoas traballadoras autónomas pola 1ª, 2ª e 3ª contratación indefinida* realizadas entre o 1 de outubro de 2021 e o 30 de setembro de 2022 de persoas desempregadas.

Non poden ser beneficiarias as persoas traballadoras autónomas **que se deran de alta nunha actividade igual ou similar á que desenvolvían nos 3 meses inmediatamente anteriores** á data de alta.

Aberto o prazo ata o **30 de setembro**



Orzamento 1.350.000 €



Requisitos da contratación

1ª contratación: Manter a persoa contratada no seu cadro de persoal por un tempo mínimo de **18 meses**.

2ª e 3ª contratacións: Manter durante **18 meses** o número de persoas traballadoras fixas do seu cadro de persoal.



Contía da subvención

Bono contratación** (subvención á contratación indefinida inicial)

	1ª contratación	2ª e 3ª contratación	+ Acumulables 25%	Muller Concello rural Persoas + 45 anos Emigrante retornada Persoa trans Muller en profesión subrepresentada
Persoa desempregada	4.000 €	6.500 €		
Paro longa duración	6.500 €	9.000 €		
Discapacidade Risco exclusión	6.500 €	9.000 €		
	Máx. : 16.250 €	Máx: 22.500 €		

Bono formación (accións formativas ás persoas contratadas – solicitude opcional –)

4.000 €

- Por cada persoa que cumpra os requisitos e para a que se solicite.
- Compatible co bono contratación.

* A xornada completa, parcial ou fixa discontinua ** No caso de xornada parcial será a cantidade proporcional

AXUDAS A PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS POLA CONTRATACIÓN INDEFINIDA E A FORMACIÓN [TR349F]



Presentación de solicitudes

Contratos **entre o 1 de outubro de 2021 e o 28 de xaneiro de 2022**



2 meses: desde 29 de xaneiro a 28 de marzo de 2022

Contratos realizados **desde o 29 de xaneiro de 2022**



2 meses: desde o inicio da relación laboral e antes do 30 de setembro de 2022



Principais obrigas das persoas beneficiarias

Bono contratación

- Manter no cadro de persoal á persoa traballadora contratada por un mínimo de **18 meses**.
- Para a 2ª e 3ª contratación, **manter durante 18 meses** o número de persoas traballadoras fixas no cadro de persoal.

Bono formación

- A persoa que reciba a formación **ten que ser a mesma que participa no Bono contratación**.
- A duración da acción formativa será dun **mínimo de 70 horas de formación teórica** relacionada co seu posto de traballo.
- A formación deberá celebrarse dentro dos **tres primeiros meses** da data de solicitude e rematarse **antes do 30 de novembro** de 2022.
- A formación desenvolverase a través de **medios propios ou por medio da súa contratación** e realizarse nas súas instalacións ou nas da entidade contratada.
- Nos 2 meses despois de rematar a formación deberase presentar:

- Documento acreditativo de que a persoa solicitante comunicou ás persoas representantes legais das persoas traballadoras a acción formativa.
- Informe de aproveitamento asinado pola persoa titora e pola persoa traballadora.
- A teleformación xustificarse mediante os resultados obtidos nos controis de aprendizaxe programados.

As solicitudes **deberanse presentar obrigatoriamente** por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible **na sede electrónica da Xunta de Galicia**.

Acceso á ficha da sede electrónica



- Pulsa para acceder -